



# Guía para o uso do galego na Administración local

[2019-2023]





©2019

A Mesa pola Normalización Lingüística

ISBN: 978-84-09-12364-3

Depósito legal: C-1075-2019

Impreso na Galiza

Avenida de Lugo, 2A, entresollado A  
15702 Santiago de Compostela  
[www.amesa.gal](http://www.amesa.gal)

# Índice

<b>Introdución</b>	2
<b>Propostas</b>	4
<b>Medidas para a garantía de dereitos lingüísticos</b>	6
1 Administración municipal e organismos públicos	6
2 Urbanismo, medio ambiente, seguranza cidadá e infraestruturas viarias	10
3 Benestar social, saúde e servizos funerarios	11
4 Ámbito socioeconómico, comercio e turismo	17
5 Educación, deporte e tempo libre	23
6 Cultura	31
7 Tecnoloxías da información e comunicación	34
<b>A Mesa pola Normalización Lingüística</b>	38

## Introdución

Os concellos galegos teñen o dereito e o deber de impulsar o proceso de normalización da lingua galega como lembra o artigo 5 do Estatuto de autonomía. Isto implica asumir a responsabilidade que lles corresponde por seren as institucións máis achegadas á cidadanía.

Porén, 36 anos despois da aprobación da Lei de normalización lingüística, 31 da Lei do uso do galego como lingua oficial de Galiza polas entidades locais, 15 do PXNLG... continúa a existir unha importante desorientación sobre o que deben facer os concellos para participaren directamente na restitución, recuperación e rehabilitación da lingua propia de Galiza.

En moitos casos limitan a normalización lingüística a unha área, reducida a un ámbito concreto, desligándoa do conxunto da actuación municipal, en ocasións o estritamente cultural, lúdico, ou protocolar.

A actividade municipal precisa da lingua en todo e a lingua galega precisa estar en todo e para todo para existir e se desenvolver con toda a normalidade que lle debe corresponder á lingua propia de calquera país.

Por iso, entendemos a política de normalización como transversal, que debe implicar todas as áreas e todas as funcións, porque en todas elas debe estar unha lingua que ten a aspiración maioritaria de ser restituída na normalidade.

Non se trata de insistir na homenaxe baleira á lingua nin na ritualización, senón de permitir, facilitar e impulsar o desenvolvemento da lingua en todos os espazos. Haberá unha práctica oral e escrita que a faga visíbel e audíbel, tal e como acontece con calquera lingua realmente oficial e como podemos ver e ouvir nos seus territorios coas linguas oficiais de calquera das outras comunidades lingüísticas do Estado, nomeadamente co castelán.

Esta guía propón orientacións útiles para cada concelleira ou concelleiro, nas tarefas de goberno ou oposición, sexa cal for a súa área e responsabilidade, que permitan colocar a lingua como necesidade que é en toda a súa acción.

Os concellos deben garantir a posibilidade de uso do galego en cada área. Estas medidas parten dos acordos asumidos unanimesamente por todas as organizacións políticas de Galiza. Concretamente, da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias ratificada polo Estado español en 2001 e da Declaración universal de dereitos lingüísticos de 1996 asumida polo Congreso dos Deputados e polo Parlamento galego nese mesmo ano.

Esta declaración está desenvolvida e concretada no Protocolo de Donostia para a garantía dos dereitos lingüísticos promovido por Kontseilua e impulsado por máis dun cento de entidades sociais de toda Europa, incluída a Mesa pola Normalización Lingüística e que conta co respaldo de institucións da relevancia da UNESCO, OSCE, UNPO, ELEN...

A respecto das accións en cada área, partimos doutro dos grandes acordos unánimes do Parlamento galego en relación á nosa lingua: o Plano xeral de normalización da lingua galega de 2004.

Trátase dunha proposta de mínimos que se deben garantir e de actuación sobre os que existe un acordo amplo desde hai anos mais que por desgraza seguen sen seren concretados.

Propomos ademais fixar un período de cumprimento e execución que poida ser avaliado, corrixido e mellorado, como calquera outra acción política que aspire a ser real.

Por último, para facilitar a colaboración entre os axentes institucionais e sociais facemos un breve repaso da actividade da Mesa pola Normalización Lingüística, a asociación do galego máis numerosa en socias e socios.

## Propostas

Estas propostas son para que os concellos asuman o compromiso de impulsar políticas activas en favor do galego e dotar con recursos a planificación lingüística do concello, con actuacións transversais en todas as áreas municipais procurando o incremento do uso e prestixio da lingua propia de Galiza.

### **Cumprimento da lexislación vixente**

- 1 Todos os cargos públicos, departamentos e organismos dependentes da Administración local teñen que ter a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita.
- 2 A Administración fará oferta positiva do galego na atención oral e escrita á cidadanía, tanto presencial como telefónica ou telemática.
- 3 As accións formativas organizadas polo concello desenvolveranse en lingua galega.
- 4 Creación dun servizo de normalización lingüística naqueles concellos onde aínda non existir.

### **Contratación pública**

- 1 As empresas subcontratadas polo concello garantirán o respecto á oficialidade do galego e aos dereitos lingüísticos das veciñas e veciños.
- 2 Uso do galego nos apartados de perfil do contratante, transparencia e banca electrónica.
- 3 Os bancos, empresas de concesión de servizo de augas e outros cos que traballan os concellos ofrecerán a posibilidade de uso do galego en trámites esenciais como pagamento de taxas, impostos, multas...

## Concesión de axudas

- 1 Para a concesión de subvencións e axudas municipais (de promoción económica, servizos sociais, culturais, xuvenís, deportivas, para festas, para actividades formativas e de calquera outro tipo) valorarase como criterio positivo que as actividades realizadas contribúan á normalización do uso do idioma e ao incremento do prestixio social da lingua galega.
- 2 As publicacións, a cartelaría, a publicidade e toda produción promocional das actividades das entidades que vaian estar subvencionadas polos concellos deberán estar en lingua galega. Nas convocatorias de subvencións e axudas figurará este requisito.

## Proceso de avaliación

Para realizar un proceso de avaliación destas propostas, como fonte principal empregarase un cuestionario deseñado pola Mesa pola Normalización Lingüística que se enviará a todas as entidades locais. Cos datos do cuestionario elaborárase un informe. O esquema de metodoloxía para elaborar o informe é:

PROCESO METODOLÓXICO			
<b>AVALIACIÓN</b> Cuestionario e recollida de datos	<b>PROCESAR RESULTADOS</b>	<b>CONTRASTE</b>	<b>INFORME</b> Elaboración e publicación

# Medidas para a garantía de dereitos lingüísticos

## 1 ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL E ORGANISMOS PÚBLICOS

---

MEDIDAS RELACIONADAS COS ARTIGOS 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21 E 22 DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS

### 1.1 Atención en galego

- 1.1.1 As normativas municipais establecen que os procedementos administrativos orais e por escrito en galego terán validez legal plena.
- 1.1.2 Servizo á cidadanía (oral e por escrito) en galego.
- 1.1.3 O persoal de atención ao público ten competencias lingüísticas axeitadas.
- 1.1.4 As diferentes áreas administrativas aplican un plano de normalización lingüística para forneceren os servizos en galego.
- 1.1.5 O concello establece un calendario para a aplicación do plano.
- 1.1.6 O plano inclúe obxectivos para as normas sobre o galego, temporalización e índices de progreso, e tamén unha avaliación interna e externa da aplicación do plano.
- 1.1.7 O plano analiza, define e identifica prioridades para as habilidades comunicativas e a competencia lingüística necesaria para os postos de persoal da Administración.
- 1.1.8 A Administración garante un nivel axeitado de competencia lingüística para o persoal actual e na introdución de persoal novo.
- 1.1.9 Cando as administracións externalizan os seus servizos, garanten que as cláusulas relacionadas coa normalización lingüística tamén se aplican de acordo co artigo 1.1.2.
- 1.1.10 Se non se cumpre o punto 1.1.2, a Administración rescinde o contrato.



---

## **1.2 Comunicación**

Adóptanse medidas vinculantes sobre a comunicación interna e externa, incorporando:

- 1.2.1 Utilización do galego en relación coa súa imaxe corporativa e sinalización.
- 1.2.2 Utilización do galego na comunicación externa e interna.
- 1.2.3 Normativa que indique que calquera documento ou publicación oficial será totalmente válido legalmente aínda que só estar en galego.
- 1.2.4 A Administración garante o uso do galego en actos públicos, como reunións, presentacións públicas...

## **1.3 Galego no lugar de traballo**

- 1.3.1 A Administración municipal garante o uso do galego no lugar de traballo e rexeita a súa prohibición no contexto laboral.
- 1.3.2 A Administración municipal garante que as prácticas laborais e a comunicación oficial entre o persoal teña lugar en galego.
- 1.3.3 A Administración facilita a creación de documentación administrativa en galego. Nos procesos de contratación, garántese a realización dos exames en galego.
- 1.3.4 A Administración fomenta e premia as actitudes positivas cara ao galego no contexto laboral.

#### 1.4 ACCIÓNS CONTEMPLADAS NO PXNLG

- 1.4.1 *Estabelecer un amplo proceso de coordinación para un mellor cumprimento das normas de uso do galego e unha correcta aplicación do PNL.*
- 1.4.2 *Pór os medios necesarios a disposición do funcionariado para un mellor cumprimento do dereito que asiste ao/á cidadán/á a ser atendido/a en galego.*
- 1.4.3 *Estabelecer que as respostas telefónicas da Administración a todo cidadán/á deben ser, en principio, en galego (oferta positiva).*
- 1.4.4 *Estabelecer o galego como lingua de contacto inicial entre o funcionariado e os/as administrados/as nas relacións presenciais.*
- 1.4.5 *Estabelecer que todas as axudas públicas, de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora e avaliar o cumprimento.*
- 1.4.6 *Estabelecer normas xerais e uniformes sobre capacidade lingüística esixíbel nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.*
- 1.4.7 *Programar un novo proceso de formación lingüística dos/as funcionarios/as que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e mais o coñecemento do vocabulario técnico específico.*
- 1.4.8 *Redeseñar os cursos de actualización técnica dos/as funcionarios/as de xeito que, fóra de casos extremos, esa formación técnica se dea en lingua galega.*
- 1.4.9 *Orientar que as intervencións xudiciais da Administración se realicen en lingua galega.*
- 1.4.10 *Estabelecer un amplo proceso de coordinación que integre deputacións, concellos, EGAP, FEGAMP.*
- 1.4.11 *Estabelecer que nos pregos de condicións e concursos se inclúa de oficio a cláusula de que «as ofertas e estudos técnicos que se acompañen deberán, polo menos, estar redactados en galego».*

- 1.4.12 *Estabelecer que todos os departamentos e organismos dependentes das deputacións e concellos (oficinas de atención ao público, instalacións deportivas, televisións e radios municipais, servizos de augas etc.) teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita.*
- 1.4.13 *Estabelecer que os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas e notariais da Administración local, que se refiran a actividades de ámbito galego, se redactarán normalmente en lingua galega.*
- 1.4.14 *Estabelecer que as intervencións xudiciais da administración se realizarán en lingua galega.*
- 1.4.15 *Estabelecer que todos os contratos e axudas públicas, de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora e avaliar o cumprimento.*
- 1.4.16 *Estabelecer normas xerais e uniformes sobre capacidade lingüística esixíbel nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.*
- 1.4.17 *Programar un novo proceso de formación lingüística do funcionariado que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e mais o coñecemento do vocabulario técnico específico.*
- 1.4.18 *Estabelecer plans nas deputacións provinciais para a adquisición e/ou elaboración de todos os programas de xestión administrativa en galego.*
- 1.4.19 *Estabelecer que as respostas telefónicas das administracións locais a todo cidadán/á debe ser en principio en galego (oferta positiva).*
- 1.4.20 *Deseñar campañas de información sobre os dereitos lingüísticos das/os cidadás/áns nas súas relacións coa Administración de xustiza.*

## 2 URBANISMO, MEDIO AMBIENTE, SEGURANZA CIDADÁ E INFRAESTRUTURA VIARIA

---

MEDIDAS RELACIONADAS COS ARTIGOS 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21 E 22  
DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS

- 2.1 Adopción de medidas para a implicación do persoal na aplicación da lei.
- 2.2 Existencia de pautas legais cando a Administración contrata empresas externas para levar a cabo traballos de vixilancia ou seguranza.
- 2.3 Normativa que garanta que os nomes de lugar en galego, únicos oficiais, sexan os utilizados nos rexistros oficiais, na sinalización e nos mapas oficiais.
- 2.4 Obrigatoriedade de as empresas privadas usaren os nomes de lugar en galego para as rutas de transporte e nas autovías que xestionen.
- 2.5 As empresas e outras entidades con acordos coas autoridades públicas ou que reciben delas apoio económico directo ou indirecto deben usar os nomes de lugar oficiais en galego.
- 2.6 As administracións fornecen pautas nas que se solicita que os equipos e ferramentas producidos por empresas privadas para fins cartográficos ou de localización (como GPS) usen os nomes de lugar en galego.

### ACCIÓN S CONTEMPLADAS NO PXNLG

- 2.7 *Estabelecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións (maioritariamente, deputacións e concellos, os servizos de concentración parcelaria e o catastro) leven incorporada a recollida da microtoponimia, consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta á disposición da sociedade na rede.*

## 3 BENESTAR SOCIAL, SAÚDE E SERVIZOS FUNERARIOS

---

MEDIDAS RELACIONADAS COS ARTIGOS 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21 E 22  
DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS

### 3.1 Servizos de saúde

- 3.1.1 Recoñecemento da dimensión dos dereitos lingüísticos na prestación dos servizos sanitarios.
- 3.1.2 Ao levaren a cabo a planificación establecida en 1.1.4, as administracións dan a esta área un tratamento específico debido ás súas características especiais e realízase algún plan especial para supervisar o plan.
- 3.1.3 O plan dá prioridade á esixencia das competencias lingüísticas axeitadas no caso de persoal técnico e sanitario, e outro persoal chave en contacto directo coa cidadanía.
- 3.1.4 Os avisos e instrucións relacionados coa saúde e seguridade nas instalacións comerciais están dispoñíbeis en galego.
- 3.1.5 Outros aspectos do plan concordan cos establecidos en 1.1.6.

### 3.2 ACCIÓNS CONTEMPLADAS NO PXNLG

—*Servizos sociais*

- 3.2.1 *Estabelecer unha norma legal que obrigue a atender en galego os/as usuarios/as galegofalantes de todo tipo de servizos sociais.*
- 3.2.2 *Deseñar programas de actividades que incorporen o galego como lingua de traballo ou como obxecto de talleres ou conferencias.*
- 3.2.3 *Estimular a participación dos/as usuarios/as do servizo social na recolleita da microtoponimia de Galiza en colaboración co SITGA.*

- 3.2.4 *Iniciar a adaptación, difusión e práctica dos sistemas Braille e linguaxe de xordos en galego en colaboración coas correspondentes organizacións de atención a estas persoas.*
- 3.2.5 *Elaborar un folleto para a súa difusión entre os traballadores/as no que se especifiquen as normas que constitúen o concepto de boa práctica laboral, con especial atención a canto axude a remover reticencias verbo do uso profesional da lingua galega, porque redunda na eficacia do servizo, e que a sitúe dentro do contexto de reinserción social.*
- 3.2.6 *Estabelecer a obrigatoriedade do uso do galego cos/as usuarios/as galegofalantes por parte do persoal técnico, asistencial e administrativo con expresa extensión aos/ás traballadores/as máis cualificados/as e cadros directivos, tanto nos centros de titularidade pública coma nos privados que, dalgún xeito, estean apoiados economicamente polos recursos públicos ou que estean sometidos á lexislación pública.*
- 3.2.7 *Reorientar a formación dos/as traballadores/as dos servizos sociais, garantindo unha competencia plena en galego, oral e escrita, criterio razoábel verbo do papel da norma, e actitude positiva en relación co seu uso profesional, con especial atención ao novo concepto de boa práctica laboral.*
- 3.2.8 *Realizar anualmente un labor de avaliación do uso do galego cos/as usuarios/as galegofalantes, ao mesmo tempo que se fai a da satisfacción deste co servizo.*
- 3.2.9 *Tradución ao galego da documentación técnica máis prestixiosa.*
- 3.2.10 *Impartir sempre en galego os cursos de actualización profesional que organicen as administracións, facilitándolles a asistencia aos/ás traballadores/as en horas laborais.*
- 3.2.11 *Regulamentar e facer o seguimento oportuno para que todas as reunións de dirección ou comisións técnicas así como as súas intervencións públicas nos medios de comunicación se fagan en galego.*
- 3.2.12 *Garantir que toda a publicidade e divulgación destes servizos se faga, polo menos, en galego.*

—Inmigración

- 3.2.13 *Ofrecerlles aos/as inmigrantes cursos gratuítos, elementais e en galego de formación básica.*
- 3.2.14 *Realizar cursos de lingua galega para inmigrantes para que se poidan comunicar e integrar nunha sociedade na que o uso do galego é un dereito constitucional maioritariamente exercido pola poboación.*
- 3.2.15 *Campaña para ver o inmigrante como un ser humano que cobre carencias e enriquece a nosa sociedade.*
- 3.2.16 *Campaña dirixida aos/ás inmigrantes motivándoos/as a aprender o galego no prazo de tres anos e crear un documento que acredite ese coñecemento e que puntúe á hora de optar a un traballo.*
- 3.2.17 *Campañas de información (canda as de formación) e sobre o estatuto (histórico, xurídico, etc.) do galego.*
- 3.2.18 *Estabelecer que os cursos de formación especializada para inmigrantes e que conten con axuda pública deben ser dados en lingua galega ou que, como mínimo, deben reservar un 10% das clases para facilitarlle ao alumnado toda a terminoloxía técnica desa materia en galego, para facer prácticas de expresión técnica nesa área en galego e garantir que a avaliación final certifique non só a competencia lingüística adquirida senón tamén a actitude positiva ante a lingua.*
- 3.2.19 *Recomendar os mesmos criterios para o resto dos cursos de iniciativa privada.*
- 3.2.20 *Intensa colaboración institucional con todas as entidades que ofrecen servizos sociais aos inmigrantes para a consecución dos obxectivos deste plan.*
- 3.2.21 *Realización de cursos de iniciación ao galego específicos para inmigrantes, con especial atención ás mulleres.*
- 3.2.22 *Regular que a diferente cultura dos/as inmigrantes se utilice nas aulas como contraste do que os/as alumnos/as galegos/as tamén teñen que aprender para se faceren cidadáns/ás solidarios/as dun mundo globalizado.*

3.2.23 *Edición anual dun volume con textos literarios de cada unha das linguas de todos/as os/as inmigrantes de Galiza vertidos en lingua galega.*

3.2.24 *Presentar o esforzo de normalización da lingua galega como o mesmo esforzo que eles/as deben manter por non perderen as súas raíces culturais.*

—Asociacionismo

3.2.25 *Campaña de difusión do dereito e da posibilidade técnica de realizar en galego a actividade propia das asociacións.*

3.2.26 *Elaboración e difusión de ferramentas informáticas para a mellora do funcionamento asociativo, incorporando a lingua galega como base das comunicacións internas e externas.*

3.2.27 *Elaborar en lingua galega todo tipo de formularios de uso máis común no funcionamento das asociacións.*

3.2.28 *Traducir ao galego a lexislación básica de aplicación ás asociacións, comunidades e entidades sociais e difundila entre as entidades afectadas.*

3.2.29 *Estabelecer convenios coas federacións que aglutinen asociacións de menor entidade para, na medida do posíbel, deseñar con eles os materiais necesarios, conseguir que os distribúan coa maior eficacia e impulsen compromisos de avance no uso da lingua galega.*

3.2.30 *Revisar o sistema de axudas das deputacións provinciais, de xeito que garanta a presenza da lingua galega na actividade subvencionada e que, naquelas que teñan como soporte a cultura tradicional galega, a lingua galega sexa tamén a lingua vehicular da actividade e da súa presentación ao público en calquera soporte.*

3.2.31 *Estabelecer sistemas de colaboración entre a administración e os axentes privados promotores da normalización da lingua galega que produzan acción común e sinérxica, que optimicen os recursos públicos e privados existentes, que garantan a formación permanente dos axentes privados (tanto profesionais coma*



*voluntarios), que melloren a efectividade da súa acción e que creen unha rede estábel de promoción social da lingua galega.*

- 3.2.32** *Acordar coas autoridades relixiosas unha directriz recomendando a liturxia en galego, como mínimo, no caso das persoas que tiveron o galego como lingua habitual.*

—Saúde

- 3.2.33** *Elaborar material divulgativo e de educación sanitaria escrito en galego (dietas, exercicios, recomendacións de estilos de vida, instrucións sobre os tratamentos etc.) para entregarlles aos/ás usuarios/as dos servizos sanitarios.*
- 3.2.34** *Desenvolver, en colaboración cos colexios oficiais, campañas de información entre os/as usuarios/as das oficinas de farmacia, para que coñezan o seu dereito a seren atendidos/as en galego.*
- 3.2.35** *Estabelecer programas coa industria farmacéutica e coas axencias organizadoras de congresos e reunións profesionais, para impulsar o galego nos eventos que teñan lugar no concello ou contén coa súa participación.*
- 3.2.36** *Realizar campañas de sensibilización dirixidas a conseguir o uso do galego na publicidade dos escaparates das boticas e nos folletos publicitarios ou informativos.*
- 3.2.37** *Elaborar, en colaboración cos colexios oficiais, campañas de sensibilización dirixidas aos farmacéuticos/as e persoas que traballan nas oficinas de farmacia para que calle a idea de que o uso da lingua galega incrementa a eficacia da información dispensada e a comunicación entre eles/as e os/as usuarios/as destes establecementos.*
- 3.2.38** *Redactar en galego toda a documentación xerada pola Administración en calquera soporte e para calquera tipo de actividade (cursos), e revisar a existente.*
- 3.2.39** *Redactar en galego folletos divulgativos que traten sobre os cuidados e atencións que requiren os animais domésticos.*

- 3.2.40 *Realizar campañas de sensibilización dirixidas a conseguir que o galego estea presente nas clínicas de veterinaria.*
- 3.2.41 *Propoñer a oferta positiva de atención en galego a todos os profesionais adscritos ás asociacións e aos colexios oficiais do sector (médicos/as, farmacéuticos/as, veterinarios/as, enfermeiros/as, logopedas etc.).*

—*Servizos funerarios*

- 3.2.42 *Encontro coas empresas fúnebres do concello para que, utilizando os materiais existentes en galego (mesmo en formato electrónico), practiquen cos seus clientes e coas súas clientas a oferta positiva de ofrecérenlles de entrada en galego os seus servizos (notas necrolóxicas, coroas, recordatorios e lápidas), maiormente ás persoas que sempre o falaron.*

## 4 ÁMBITO SOCIOECONÓMICO, COMERCIO E TURISMO

---

MEDIDAS RELACIONADAS COS ARTIGOS 47, 48, 49, 50, 51 E 52  
DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS

### 4.1 Sistema regulador

4.1.1 Hai normas axeitadas para promover os dereitos dos consumidores/as en galego

### 4.2 Información pública relacionada co produto e os servizos

4.2.1 A información está dispoñíbel en galego (facturas, orzamentos, tarifas, catálogos de produtos, certificados, manuais de instrucións para produtos ou servizos etc.).

4.2.2 A sinalización e a información da empresa tamén está dispoñíbel en galego.

4.2.3 As aplicacións informáticas, os programas, as interfaces etc. dos produtos tamén están dispoñíbeis en galego.

4.2.4 Promover pautas de publicidade para o uso do galego nas actividades empresariais.

4.2.5 A resolución de conflitos cos/coas clientes/as lévase a cabo dun xeito que garante os dereitos dos consumidores e consumidoras falantes do galego.

4.2.6 Aplicación de plans lingüísticos nos seguintes sectores: compañías de seguros, provedores de enerxía, servizos de transporte, empresas de transporte, institucións financeiras, provedores de telefonía, empresas que fornecen atención social e xeral e empresas que fornecen atención sanitaria e servizos postais.

### **4.3 O galego no lugar de traballo e no mercado laboral**

- 4.3.1 Os dereitos dos traballadores/as que falan galego no lugar de traballo están garantidos legalmente.
- 4.3.2 As empresas promoven prácticas en galego: plans de formación continua, contratos de traballo e acordos laborais, relatorios, mensaxes, anuncios e outros documentos, procedementos internos de traballo, panorama lingüístico, material con contido lingüístico (catálogos, puntos de venda en liña, publicidade...).
- 4.3.3 As empresas facilitan o uso do galego no lugar de traballo, e rexeitan a prohibición do uso da galego no contexto laboral.

### **4.4 Conflitos**

- 4.4.1 Os dereitos dos consumidores/as en sectores económicos chave e na prestación de servizos garántense en galego

### **4.5 Responsabilidade social e empresarial**

- 4.5.1 As empresas comprométense de xeito proactivo co galego no desenvolvemento da responsabilidade social.
- 4.5.2 As empresas comprométense de xeito proactivo coa creación de comisións para a promoción do galego no ámbito socioeconómico.

### **4.6 ACCIÓNS CONTEMPLADAS NO PXNLG**

- 4.6.1 Elaborar e facilitarlle a cada sector económico (maiormente no sector servizos) a documentación e asesoramento lingüístico necesario para que os cadros técnicos poidan desenvolver en galego a súa actividade e sexa posíbel así conservar a lingua en todo o proceso produtivo.

- 4.6.2 *Programar actividades formativas (lingüísticas, sociolingüísticas e psicolingüísticas) que lles permitan aos cadros técnicos desenvolver en galego a súa actividade.*
- 4.6.3 *Realizar en galego os cursos de formación en TIC (Office, web e similares).*
- 4.6.4 *Fixar unha porcentaxe das axudas de formación continua para a formación de empregados/as no uso do galego ou desenvolvemento de iniciativas internas do uso do galego.*
- 4.6.5 *Asinar convenios cos colexios e asociacións profesionais para facilitarlles ás empresas a súa actividade en galego.*
- 4.6.6 *Axudas públicas para a galeguización de empresas, outorgándolles prioridade ás accións con carácter perdurábel e global.*
- 4.6.7 *Avaliación anual da produtividade das axudas e da súa correcta utilización.*
- 4.6.8 *Promover a coordinación de todos os organismos públicos para que haxa un impulso común polo galego.*
- 4.6.9 *Impulsar con firmeza a elaboración das novas tecnoloxías aplicábeis ao mundo económico (programas de contabilidade, facturación, nóminas etc.).*
- 4.6.10 *Campaña publicitaria vinculando a natureza, o turismo rural, a cadea ecolóxica cos nomes das cousas e dos lugares e coa lingua que neles se creou e pervive.*
- 4.6.11 *Reorientar a promoción turística de Galiza de xeito que o/a turista, que vén buscando a diferenza e que a leva consigo como un trofeo, perciba tamén a vitalidade da lingua galega e poida levar tamén algo dela.*
- 4.6.12 *Editar uns folletos cuns mínimos rudimentos da lingua galega (conversación) e da súa historia. E incorporalos á cadea de promoción turística.*
- 4.6.13 *Campaña nos medios de comunicación que dea do galego unha imaxe de lingua maioritaria, propia e emerxente e que a asocie a progreso social e económico e que faga ver que a lingua ten valor económico (e da que hoxe dependen moitos postos de traballo e empresas enteiras).*

- 4.6.14 *Promoción da facturación por defecto en galego.*
- 4.6.15 *Facilitar o material técnico e as axudas precisas para que as empresas non renuncien a usar ou seguir usando o galego nas súas actividades.*
- 4.6.16 *Incorporar como criterio das concesións de axudas públicas ou contratos coa administración pública a implicación da empresa no uso do galego, introducindo en todas as axudas unha cláusula de promoción do galego.*
- 4.6.17 *Resolver os problemas xurídicos que puidese haber e que dificultan ou impiden o uso do galego no sector económico.*
- 4.6.18 *Instalar en todos os organismos públicos e en lugar visíbel un cartel que informe do dereito do/a cidadán/á ou consumidor/a a expresarse oralmente ou documentalmente en galego.*
- 4.6.19 *Subvencionar e animar a publicidade en galego, centrando o esforzo nas empresas de publicidade.*
- 4.6.20 *Promover que nas etiquetas multilingües e nas instrucións de uso e de consumo dos produtos que se vendan en Galiza teña cabida tamén a lingua galega.*
- 4.6.21 *Convocar os/as representantes das máis importantes cooperativas dos distintos sectores co obxecto de acordar as medidas conducentes á galeguización da súa actividade.*
- 4.6.22 *Estabelecer un plan de axudas para o acceso ás TIC e para a presenza comercial na rede supeditado ao uso que se faga da lingua galega.*
- 4.6.23 *Estabelecer acordos para que na selección de persoal, especialmente daquel destinado á atención directa ao público, se garanta a competencia lingüística en galego que permita poñer en práctica a oferta positiva.*
- 4.6.24 *Estabelecer acordos entre a Administración e a banca para que aquela lle forneza unha actualización terminolóxica continuada que dea resposta ás necesidades neste ámbito.*

—Turismo

- 4.6.25 *Publicar un manual políglota de conversación que combine en formato bilingüe ou trilingüe, o galego coas oito linguas máis frecuentes dos que visitan Galiza.*
- 4.6.26 *Estabelecer que as cartas dos restaurantes e as facturas de todos os establecementos hostaleiros de Galiza estean tamén en galego. Definir un protocolo de boas prácticas comunicativas no sector turístico que incorpore o galego como lingua inicial, que prime a eficacia comunicativa e mais a asunción normal da nosa lingua.*
- 4.6.27 *Crear un folleto de información lingüística (historia e datos sociolingüísticos, entidades que a estudan e promoven etc.) e unha información literaria básica coa programación de, polos menos, unha ruta literaria específica por cada provincia e outra en cada unha das sete cidades. Incluír de oficio este folleto, nas linguas pertinentes, en todos os paquetes de publicidade turística que se repartan en Galiza e fóra dela.*
- 4.6.28 *Programa de sinalización (modificándoo de ser necesario) das zonas e recursos turísticos en lingua galega. Estabelecer que na rotulación dos lugares turísticos nunca falte a versión galega e sexa a primeira.*
- 4.6.29 *Introducir a posibilidade de falar galego como unha opción máis do turismo rural, como existe neste mesmo sector noutros países en territorios bilingües.*
- 4.6.30 *Recrear os folletos publicitarios de Galiza, de xeito que nunca se fale dun lugar ou monumento como simple arquitectura sen indicar a vida histórica ou cultural máis sobranceira que aquelas pedras albergaron. Estabelecer que neses folletos haxa sempre un apéndice co vocabulario específico galego desa materia.*
- 4.6.31 *Introducir a lingua nas rutas turísticas temáticas (viño, mosteiros...), e nos museos etnográficos.*
- 4.6.32 *Identificar a lingua galega cos produtos galegos de calidade, especialmente cos produtos autóctonos con denominación de orixe.*

- 4.6.33 *Estabelecer un programa de actualización e asesoramento lingüístico para que os profesionais do turismo traballen con seguridade en lingua galega.*
- 4.6.34 *Crear e difundir ferramentas informáticas que faciliten a incorporación ao galego das empresas do sector, que permitan a galeguización das súas rutinas (contratos, publicidade, web, rótulos etc.). Campaña de sensibilización no sector para coñecer os beneficios da utilización da lingua galega.*
- 4.6.35 *Incentivar a produción de materiais turísticos en galego e a elaboración de produtos promocionais (folletos, vídeos...).*
- 4.6.36 *Procurar que as actividades dirixidas ao público galego teñan como lingua de comunicación o galego (contratos, folletos divulgativos etc.), facendo especial fincapé nas viaxes colectivas vinculadas co sector público (comunidades educativas, terceira idade etc.).*



## 5 EDUCACIÓN, DEPORTE E TEMPO LIBRE

---

MEDIDAS RELACIONADAS COS ARTIGOS 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 E 30  
DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS

### 5.1 Centros educativos dependentes do concello

- 5.1.1 En todos os centros que reciben fondos públicos directa ou indirectamente, os nenos e nenas reciben a educación en galego.
- 5.1.2 Todas as actividades extracurriculares están dispoñíbeis en galego.
- 5.1.3 O persoal escolar domina o galego.
- 5.1.4 Destínanse recursos adicionais ás clases impartidas en galego.

### 5.2 Actividades extracurriculares e centros de lecer

- 5.2.1 A Administración esixe que os centros deseñen un proxecto lingüístico, unha de cuxas funcións será especificar a oferta en galego e un calendario para a oferta do programa completo en galego, baseado na situación actual.
- 5.2.2 Os centros que non son de propiedade pública mais que reciben fondos públicos, directa ou indirectamente, tamén deben presentar un proxecto lingüístico con características semellantes.

### **5.3 Educación de profesorado e persoal de formación**

- 5.3.1 As institucións de formación do profesorado forman no coñecemento e uso do galego.
- 5.3.2 Ofértase formación especial correspondente á situación do galego, como se indica a continuación.
- 5.3.3 As institucións de formación do profesorado forman para ensinar as materias en galego, cun alto dominio da lingua.
- 5.3.4 Ofértase a formación específica necesaria para que o profesorado sexa capaz de aplicar un modelo de inmersión nunha situación de multilingüismo.
- 5.3.5 Os/as formadores (deporte, lecer) deben ter competencia en galego para obter a correspondente certificación.
- 5.3.6 Fornécense as ferramentas axeitadas para a formación do profesorado para que poidan xestionar os contextos non favorábeis para o galego, e ofértase formación continua ou actualización.
- 5.3.7 A formación ao profesorado en servizo inclúe a adquisición do galego.

### **5.4 Aprendizaxe do galego por parte das persoas adultas**

- 5.4.1 Os/as cidadáns/ás que queiran aprender o galego poden facelo de xeito gratuíto.
- 5.4.2 Garántese a dispoñibilidade das clases en calquera lugar, en colaboración con iniciativas de base cando sexa posíbel.

## 5.5 ACCIÓNS CONTEMPLADAS NO PXNLG

### —Educación

- 5.5.1 *Deseñar e levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do galego, diversificada para os diferentes membros da comunidade educativa e que promova a análise crítica dos prexuízos existentes, tanto sobre a presenza escolar deste idioma coma sobre a lingua galega en xeral.*
- 5.5.2 *Informar o alumnado, profesorado, familias e persoal non docente dos centros sobre os obxectivos lingüísticos do sistema educativo e sobre os fundamentos científicos e o valor da presenza da lingua galega no sistema educativo.*
- 5.5.3 *Estabelecer, de acordo coas ANPA, asociacións de centros privados, organizacións sindicais e outras entidades con incidencia no ámbito escolar, convenios de colaboración encamiñados a realizar unha programación estábel e periódica de actividades de sensibilización e de información: charlas, concursos etc.*
- 5.5.4 *Divulgar e intercambiar experiencias e modelos de planificación lingüística a través de encontros, publicacións etc.*
- 5.5.5 *Crear unha rede autonómica de apoio técnico á normalización para coordinar e asesorar os centros neste labor. Esta rede debe estar estruturada a varios niveis: central, provincial e comarcal.*
- 5.5.6 *Distinguir aqueles colexios e institutos que se caractericen polo seu papel normalizador, outorgándolles un especial recoñecemento e converténdooos en referentes ou modelos nese labor.*
- 5.5.7 *Estabelecer liñas de actuación regulares entre os centros escolares e os departamentos de cultura, de educación e de benestar social dos concellos.*
- 5.8 *Fomentar a colaboración coas entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas do contorno do centro escolar para a organización de actividades conxuntas.*
- 5.5.9 *Desenvolver proxectos de recuperación da memoria histórica local, en colaboración con entidades e colectivos locais.*

- 5.5.10 *Estabelecer fórmulas de interacción e colaboración con empresas locais para favorecer o emprego da lingua galega e para mellorar a súa valoración social.*
- 5.5.11 *Estabelecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.*
- 5.5.12 *Fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, na perspectiva de que este se converta no idioma de base da aprendizaxe escolar.*
- 5.5.13 *Informar sobre os recursos existentes para o ensino-aprendizaxe do galego e en galego (especialmente en CD e na rede) e difusión destes de forma gratuíta a todos os centros.*
- 5.5.14 *Compromiso do Goberno para que os concelleiros e cargos da Administración autonómica se comprometan a desenvolver o seu labor e a súa relación con administradores/as e administrados/as en galego.*
- 5.5.15 *Desenvolver un plan de formación de adultos, con especial atención ás habilidades orais e á dimensión sociocultural do idioma, e difundilo axeitadamente entre a poboación.*
- 5.5.16 *Estabelecer un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentar en Galiza, que contemple formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.*
- 5.5.17 *Estabelecer un plan de formación específico para o profesorado que se vaia encargar do ensino da lingua galega a persoas adultas.*
- 5.5.18 *Fomentar a elaboración de material didáctico específico naquelas áreas onde se detecten máis carencias.*
- 5.5.19 *Desenvolver materiais específicos empregando as novas ferramentas informáticas e telemáticas.*
- 5.5.20 *Realizar unha campaña que teña como obxectivo que as familias transmitan o galego aos fillos/as e que a lingua galega se use nas interaccións familiares. Darlles aos pais e nais consellos, guía e apoio sobre as vantaxes de coñecer e usar o galego. Esta campaña débese realizar en varias fases e convenientemente secuenciada no tempo para garantir a súa efectividade.*

- 5.5.21 *Ofrecer consellos e argumentos sobre a necesidade de aprenderlles galego aos fillos/as nos materiais informativos que se lles dan ás familias que acaban de ter un fillo/a.*
- 5.5.22 *Propiciar que os/as responsábeis dos servizos persoais á comunidade (educadores/as e traballadores/as sociais, monitores/as, asistentes sociais, técnicos/as culturais etc.) sexan dinamizadores/as da lingua galega, completando a súa formación lingüística e sociolingüística e de lecer con maior demanda entre a mocidade.*
- 5.5.23 *Potenciar unha oferta de educación preescolar en lingua galega.*
- 5.5.24 *Promover economicamente a aparición de entidades destinadas a desenvolver actividades de lecer en lingua galega para a infancia e estimular a participación nestas de nenos e nenas.*
- 5.5.25 *Desenvolver unha campaña de sensibilización e de información sobre a lingua galega, creando un novo discurso lingüístico no que predominen os seguintes tópicos: a competencia en dúas linguas facilita a aprendizaxe doutras novas, o galego constitúe un marcador diferenciador na Europa plurilingüe, o galego supón un elemento de acceso ao mundo lusófono etc.*
- 5.5.26 *Fomentar o uso do galego nos ámbitos sociais de máis impacto e utilización por parte dos máis novos (pubs, discos, bares musicais etc.), establecendo convenios coas asociacións de hostaleiros e outras entidades e colectivos implicados.*
- 5.5.27 *Estabelecer programas de dinamización da lingua galega entre os colectivos de poboación de nova inmigración.*
- 5.5.28 *Desenvolver un programa estábel de voluntariado lingüístico.*
- 5.5.29 *Interrelacionar mozos/as de diferentes perfís lingüísticos, a través de actividades de lecer (campamentos –de verán, urbanos etc.–, excursións, sendeirismo, obradoiros, ludotecas etc.).*
- 5.5.30 *Fomentar a realización de obradoiros de lingua, que presenten o galego como unha actividade lúdica, co obxectivo de desfacer prexuízos entre a mocidade e de constituír un ámbito onde se practique de forma efectiva a lingua.*

- 5.5.31 *Desenvolver un plan de formación lingüística e sociolingüística para persoal monitor de todo tipo de actividades destinadas ao sector da mocidade.*
- 5.5.32 *Fomentar a utilización do galego nas actuacións e actividades musicais, establecendo convenios de colaboración coas asociacións profesionais pertinentes.*
- 5.5.33 *Fomentar a creación de soportes diversos en galego (revistas en papel e en formato electrónico, sitios web, weblogs etc.) que difundan as actividades de interese para a mocidade (música, deportes, cine, videoxogos etc.), promocionando as actividades de grupos e colectivos locais.*
- 5.5.34 *Ampliar as axudas existentes para galeguizar o funcionamento e as actividades das asociacións xuvenís.*
- 5.5.35 *Primar o uso da lingua galega nas subvencións que se lles outorguen ás entidades que organizan actividades de lecer para a infancia e a mocidade.*
- 5.5.36 *Estabelecer acordos coas canles de televisión e de radio locais que emiten en Galiza para incrementar o uso do galego nos programas destinados á mocidade.*

—Lecer

- 5.5.37 *Crear un fondo de recursos para o lecer e xogos en lingua galega, con especial (pero non exclusiva) atención á xente nova.*
- 5.5.38 *Promover o galego en zonas de bares e copas.*
- 5.5.39 *Fomentar o uso do galego nas tendas de roupa xuvenil.*
- 5.5.40 *Estabelecer que, nas actividades de lecer con axuda pública, os monitores/as teñan bo coñecemento do galego e unha actitude de compromiso coa promoción da lingua nesta actividade.*
- 5.5.41 *Incorporar a produción cultural galega aos espazos de lecer e impulsar a aparición en galego de manifestacións dos xéneros e estética que hoxe teñen éxito entre rapaces/as e mozos/as urbanos/as.*

- 5.5.42 *Incorporar, con formas radicalmente novas, a riqueza lingüística e o patrimonio cultural de Galiza ás actividades de lecer destinadas á xente nova ou urbana.*
- 5.5.43 *Estabelecer que as actividades de tempo libre vencelladas ás administracións galegas (sinaladamente os campamentos de verán e as actividades de excursión) non só teñan como lingua vehicular o galego senón que, nalgunhas delas, a propia lingua sexa obxecto de aprendizaxe lúdica e vencellada á ecoloxía.*
- 5.5.44 *Programa de formación e sensibilización dos/as profesionais do tempo libre, para incorporar o obxectivo da promoción do galego en actividades de contido urbano innovador e aprender a xestionar o potencial conflito.*
- 5.5.45 *Estabelecer acordos cos/as axentes artísticos/as de orquestras e espectáculos para garantir a presenza do galego nos contratos, na publicidade e na relación co público e que incorporen a produción cultural galega, polo menos, nun 50% da actuación dos grupos musicais e outras atraccións nas festas populares.*
- 5.5.46 *Estabelecer que as programacións culturais que contén con axuda dalgún organismo público deben garantir a presenza vehicular da lingua galega e unha notábel porcentaxe de produción cultural galega.*

—Deporte

- 5.5.47 *Fomentar, de acordo coas federacións e clubs correspondentes, a utilización do galego nas actividades deportivas de afeccionados/as e profesionais, formando os monitores/as e adestradores/as, dinamizando o uso e sensibilizando os practicantes.*
- 5.5.48 *Desenvolver un programa de divulgación amena (por exemplo, en formato cómic) da regulamentación dos deportes máis estendidos dirixido á xente nova.*
- 5.5.49 *Campaña de promoción do deporte galego como símbolo de Galiza na que deportistas galegos/as de elite pidan maior identificación do deporte galego coa lingua galega.*

- 5.5.50 *Campaña dirixida aos ximnacios vinculando o perfeccionamento físico coa lingua galega.*
- 5.5.51 *Estabelecer unha cláusula de uso preferente do galego na rotulación e comunicación dos estadios e centros deportivos e tamén nas declaracións á prensa dos grandes dirixentes, adestradores/as e xogadores/as daqueles equipos que queiran optar ás axudas públicas.*
- 5.5.52 *Negociar que o galego non estea ausente nos eventos deportivos de carácter estatal e internacional que se celebren en Galiza.*
- 5.5.53 *Negociar cos medios de comunicación que nunca traduzan ao castelán as declaracións feitas en galego polos/as deportistas ou representantes dos clubs.*
- 5.5.54 *Organizar cursos de formación de técnicos de comunicación deportiva en galego (megafonía, comunicación escrita, Internet).*
- 5.5.55 *Convenio cos institutos, centros ou escolas deportivas para que, polo menos, a metade da formación técnica se desenvolva en lingua galega de xeito que o propio proceso de formación/asesoramento facilite a utilización do galego para os profesionais do sector que teñan relevancia comunicativa.*
- 5.5.56 *Elaborar e difundir todo o material terminolóxico necesario para o desenvolvemento en galego da formación e da actividade deportiva (adestradores/as, deportistas, árbitros/as e xestión empresarial e federativa).*
- 5.5.57 *Traducir ao galego, mediante acordo coas respectivas federacións, o conxunto da regulamentación deportiva.*
- 5.5.58 *Crear e difundir unha base de ferramentas e recursos –materiais de apoio (modelos de ficha, formularios..., correctores lingüísticos), terminoloxía deportiva– que permitan a utilización do galego na comunicación das entidades deportivas cos socios e coas socias, coa federación, para a xestión interna etc.*



## 6 CULTURA

---

MEDIDAS RELACIONADAS COS ARTIGOS 41, 42, 43, 44, 45 E 46  
DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS

### 6.1 Cultura

- 6.1.1 Apróbanse leis para que todo o mundo teña acceso á cultura en galego.
- 6.1.2 As institucións públicas reservan fondos que representen unha porcentaxe específica dos seus orzamentos xerais para promoveren a cultura da galego e aseguraren o acceso á cultura universal a través do galego.

### 6.2 Cultura creada en galego

- 6.2.1 Recoñécese e protéxese o traballo dos e das artistas que crean en galego e creouse un estatuto para protexer os dereitos dos/as creadores/as.
- 6.2.2 Hai un fondo para o investimento en proxectos culturais en galego.
- 6.2.3 Hai un sistema de bolsas para creadores/as en galego.
- 6.2.4 A Administración establece políticas de investimento para apoiar as entidades culturais e a industria cultural en galego.
- 6.2.5 Estabelécese unha cota para asegurar a presenza de creacións culturais en galego en programas culturais organizados que reciban apoio económico de institucións públicas.
- 6.2.6 Fornécense ferramentas para que a terminoloxía de todos os ámbitos de creación estea dispoñíbel na galego.
- 6.2.7 Os medios públicos teñen programas que informan sobre novas creacións culturais en galego.
- 6.2.8 Nos programas de noticias nos medios públicos, hai un espazo para a cultura do galego, informando sobre expresións culturais de todo tipo.

- 6.2.9 Estabélécese unha cota para información sobre novas creacións culturais en galego nos medios que reciben diñeiro público directa ou indirectamente.
- 6.2.10 Garántese a presenza de arte e cultura en galego nas infraestruturas públicas.
- 6.2.11 Hai un portal en Internet coa axenda cultural en galego.
- 6.2.12 Hai apoio financeiro para a distribución e a promoción que garante a visibilidade de todos os produtos creados en galego.
- 6.2.13 Estabélécese criterios lingüísticos para os actos culturais (programas, paisaxe, contido etc.) para garantir a presenza oral e escrita do galego.
- 6.2.14 Desenvólvese de xeito proactivo a visibilidade en foros internacionais de creacións en galego (por exemplo, por medio de premios, festivais internacionais etc.).

### **6.3 Cultura universal en galego**

- 6.3.1 Os produtos culturais creados noutras linguas están dispoñíbeis en galego (por medio da tradución).
- 6.3.2 Os filmes tradúcense (por subtítulos ou dobraxe) ao galego.
- 6.3.3 Estabélécese unha cota para que os cinemas exhiban filmes en galego.

#### 6.4 ACCIÓNS CONTEMPLADAS NO PXNLG

- 6.4.1 *Campaña para que as orquestras realicen o seu labor de animación en galego.*
- 6.4.2 *Acordar coas orquestras que, polo menos, a metade do seu repertorio estea en galego.*
- 6.4.3 *Campaña nas tendas de discos para a promoción e venda da música en galego.*
- 6.4.5 *Elaboración de produtos dirixidos á infancia e a mocidade (cómic...) en galego.*
- 6.4.6 *Incrementar o apoio ao teatro que se fai nos centros escolares.*
- 6.4.7 *Facilitar a asistencia da mocidade ás representacións teatrais en galego, mediante campañas de propaganda e a negociación de prezos accesíbeis para este sector.*
- 6.4.8 *Todas as web dependentes ou cofinanciadas pola Administración galega deben estar en galego.*
- 6.4.9 *Campaña no mundo empresarial para que as empresas utilicen o galego nas súas web.*
- 6.4.10 *Acordos coas empresas de telefonía para que inclúan o galego no seu menú de idiomas, se é que aínda non o teñen.*
- 6.4.11 *Sinatura de convenios cos principais museos de Galiza para que inclúan o galego na publicidade das exposicións, paneis, folletos e na sinalética.*
- 6.4.12 *Facilitarlle a formación en lingua galega ao persoal que traballa nos museos, especialmente aos guías e persoas que traballan cara ao público, para que todos teñan capacidade de expresarse en galego.*
- 6.4.13 *Velar por que os cursos de formación específicos aos/ás guías de museos se impartan en galego.*

## 7 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

---

MEDIDAS RELACIONADAS COS ARTIGOS 35, 36, 37, 38, 39 E 40  
DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS

### 7.1 Medidas básicas

- 7.1.1 As políticas lingüísticas deseñadas e desenvolvidas polas autoridades públicas inclúen unha sección sobre información e tecnoloxías da comunicación onde se se concreta o lugar dos medios e das tecnoloxías da comunicación na política lingüística. De xeito semellante, ao deseñaren as súas políticas de comunicación e de tecnoloxía da información, as autoridades públicas incorporan unha sección relacionada coa lingua.
- 7.1.2 Desenvólvese un sistema de comunicación para a lingua en desvantaxe que ten en conta todos os ámbitos comunicativos e que será xestionada polas institucións e entidades da zona na que se atopa a lingua.
- 7.1.3 O sistema de comunicación xestiónase de xeito complementario entre institucións públicas e xestores/as de redes sociais (institucións de utilidade pública), traballando conxuntamente en igualdade de condicións e evitando a duplicidade.
- 7.1.4 Desenvólvese unha política de comunicación que favorece o galego baseada na colaboración entre autoridades públicas e entidades sociais ou privadas.
- 7.1.5 As administracións públicas adoptan unha estrutura para supervisar a presenza mediática do galego.

### 7.2 Sobre o dereito a recibir información en galego

- 7.2.1 Os medios privados que teñan algún contrato coa Administración (incluída a publicidade) ou que reciban algún servizo, axuda ou

prestación dela, están suxeitos a medidas e cotas lingüísticas que favorezan o galego (cotas ou outras medidas).

- 7.2.2 As autoridades públicas aplican sistemas de cotas para garantir que a publicidade institucional nos medios usa as linguas da zona, especialmente o galego.
- 7.2.3 Hai subvencións especiais para os medios que emitan integramente en galego.

### **7.3 Medidas para promover a visibilidade**

- 7.3.1 Hai unha política de investimento continuo para normalizar a imprensa en galego nos quioscos por medio da discriminación positiva.
- 7.3.2 As autoridades públicas usan recursos para que os e as falantes de galego poidan expresarse na súa lingua propia, e promoven a produción en galego, por exemplo, para garantir a visibilidade do galego entre os medios da lingua dominante.
- 7.3.3 As administracións públicas implantan medidas para mellorar a visibilidade dos medios na lingua en situación de desvantaxe, por exemplo por medio de campañas de comunicación, axudas especiais para que a imprensa en galego estea presente nos espazos públicos etc.
- 7.3.4 Penalízanse os medios que promoven estereotipos negativos ou actitudes racistas cara ao galego.
- 7.3.5 Os medios ofrecen as ferramentas necesarias para apoiar a escolla lingüística dos/as falantes de galego.
- 7.3.6 Divúlganse contidos locais nos medios para reforzar a ligazón entre a lingua e o seu espazo.

## 7.4 Relacións transfronteirizas

- 7.4.1 Cando unha lingua se fale en máis dun territorio, garántese a posibilidade de recibir as emisións dos medios noutros territorios.
- 7.4.2 Se non houberse medios, as autoridades públicas locais, en colaboración cando sexa preciso, garantirán a emisión, cando menos dunha canle de televisión e unha de radio e a publicación dun xornal en toda a comunidade lingüística.

## 7.5 Novas tecnoloxías

- 7.5.1 O software das administracións públicas está localizado ou traducido ao galego, e cando sexa posíbel, ao dispor do público.
- 7.5.2 Todas as organizacións, empresas ou establecementos comerciais que reciban apoio directo ou indirecto da administración pública deberán garantir que os seus servizos dixitais estean en galego como condición para recibiren axudas públicas.
- 7.5.3 Estipúlase que todos os servizos dixitais dos provedores da administración estean en galego.
- 7.5.4 Incorporárase a avaliación do impacto lingüístico a todas as subvencións relacionadas coas tecnoloxías da información, requirindo que os produtos estean en galego.
- 7.5.5 As ferramentas que facilitan o uso do galego (como correctores ortográficos, software de tradución, etc.) disponibilízanse para a cidadanía.
- 7.5.6 As autoridades públicas chegan a acordos coas empresas para aumentar a presenza dixital do galego.
- 7.5.7 Os produtos dixitais dirixidos ao público máis novo están dispoñíbeis en galego, para o que se estipula un calendario e recursos.
- 7.5.8 Os proxectos dixitais desenvolvidos en galego teñen preferencia na solicitude de subvencións.

## 7.6 ACCIÓNS CONTEMPLADAS NO PXNLG

- 7.6.1 *Incrementar os medios para a formación en galego dos traballadores das radios e televisións, tanto públicas coma privadas, esixindo nas de titularidade pública para as novas contratacións un nivel lingüístico de calidade.*
- 7.6.2 *Acordar coas radios e TV locais un aumento progresivo do emprego do galego.*
- 7.6.3 *Negociación coas TV locais e coas canles privadas con presenza en Galiza para a emisión de películas dobradas ao galego.*
- 7.6.4 *Promover un congreso ou encontro de TV locais, encamiñado a discutir as estratexias para aumentar o uso do galego nas súas emisións.*
- 7.6.5 *Alentar a formación de pequenos grupos comprometidos coa plena normalización da lingua galega.*
- 7.6.6 *Promover máis axudas a xornais locais e comarcais que se redactan en lingua galega.*
- 7.6.7 *A Administración galega realizará a súa publicidade en Galiza en galego.*
- 7.6.8 *Acordos coas empresas de publicidade e rotulación para que lle ofrezan sempre ao/á cliente/a a posibilidade de realizalas en lingua galega.*
- 7.6.9 *Negociación cos xornais e cos demais medios de comunicación para que sistematicamente lle recorden ao/á cliente/a a posibilidade de facer os anuncios e a publicidade en galego.*
- 7.6.10 *Facilitarlles ás axencias de publicidade un argumentario a prol da publicidade en galego.*
- 7.6.11 *Animar os centros de ensino encargados de formar os/as publicistas para que o seu alumnado practique publicidade en galego.*
- 7.6.12 *Distribución dunha lista completa de topónimos na súa forma oficial ás axencias de publicidade e empresas de rotulación.*

## A Mesa pola Normalización Lingüística

A Mesa pola Normalización Lingüística ten como único obxectivo a promoción do uso do galego en todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma.

Tanto polas súas actividades como polo seu número de asociadas/os é a maior asociación do galego e un referente social imprescindible no terreo da normalización lingüística.

O seu papel é o de emprender iniciativas que sensibilicen a poboación e que abran novas vías de uso do noso idioma en distintos ámbitos, así como denunciar todo tipo de agresións e discriminacións que poida sufrir a lingua galega e asegurar que se respecte o seu uso individual e colectivo.

Os seus principais ámbitos de acción son o ensino, a empresa e a administración pública. Na actualidade, a Mesa leva a cabo actividades de divulgación, sensibilización e dinamización relacionadas cos seus obxectivos estatutarios.

Algúns exemplos das actividades que ten en funcionamento na actualidade a asociación son A Liña do Galego ou Abertos ao Galego.



## **A Liña do Galego**

A Liña do Galego dispón dunha aplicación e dun correo electrónico para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou felicitación relacionada co uso do idioma. Unha ferramenta destinada a persoas que fan a elección de vivir en galego, que queren atopar o galego en calquera lugar, que sosteñen o desexo de vivir en galego e que queren mostrar as dificultades para avanzar.

## **Abertos ao Galego**

Abertos ao Galego é un proxecto que parte dun certificado de calidade asociado ao uso do galego por parte das empresas. Algunhas iniciativas deste proxecto son a edición anual dun catálogo de Nadal Abertos ao Galego con propostas de agasallos das empresas e apoiarmos un consumo responsábel co galego.

Neste proxecto destaca a aplicación Abertos ao Galego que permite consultar centos de establecementos que usan o galego. Pretende mellorar a presenza da lingua galega nos establecementos comerciais e de servizos.

## Publicacións

As publicacións da Mesa pola Normalización Lingüística teñen como obxectivos difundir a nosa lingua, incrementar o uso do galego nas crianzas e proporcionar materiais atractivos en galego.

## Informes

A Mesa elabora diferentes informes sobre aspectos que teñen que ver co proceso de normalización lingüística. Destacan, entre outros, o Relatorio sobre a aplicación en Galiza da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, o Informe de avaliación de cumprimento do PXNL ou propostas aos grupos parlamentares.

Algúns informes son A lingua galega na educación infantil de 3 a 6 anos, A situación da lingua galega na programación televisiva infantil, A situación da lingua galega nos xogos e xoguetes en Galiza, O uso do galego nas páxinas web das entidades bancarias, a Auditoría lingüística dos concellos da provincia de Pontevedra ou o Informe anual da Liña do Galego.

Nestes anos padecemos unha constante perda de falantes nas novas xeracións que de continuar por este camiño pode levarnos a ter unha lingua residual.

Temos vocación de unanimidade. Queremos que todas e todos se sintan representados/as na Mesa. Cómpre crear redes sociais que aglutinen o movemento social normalizador para que poidamos establecer diferentes liñas de traballo e colaboración. Precisamos da colaboración dos concellos para lograr unha organización forte, complexa, capaz de influír decisivamente no uso do galego na Administración local.





**A MESA** POLA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA